




PROGRAMA III. BONO AUTÓNOMO

Axuda ás persoas traballadoras autónomas consolidadas para impulsar a mellora da competitividade da súa actividade empresarial en Galicia

Prazo aberto do
**24 de xaneiro ao
30 de setembro
de 2025**



Persoas beneficiarias

Orzamento
8.000.000 €

- As persoas traballadoras autónomas de alta no RETA, outro réxime especial por conta propia ou mutualidade (*) de colexio profesional, con domicilio fiscal en Galicia, antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos, e cun rendemento neto reducido inferior a 50.000 euros e unha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) na declaración do 2023.
- As sociedades de calquera clase e comunidades de bens (*) con domicilio fiscal en Galicia, que teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos, cunha facturación mínima anual de 12.000 euros (IVE incluído) e unha base impoñible no Imposto de Sociedades do ano 2023 (ou unha suma de todos os rendementos netos reducidos na declaración anual informativa do 2023 para as entidades en réxime de atribución de rendas) inferior a 50.000 euros.

(*) Quedan excluídas as persoas autónomas colaboradoras e os familiares, as persoas autónomas administradoras e as persoas autónomas ou sociedades que percibisen esta mesma axuda nalgunha das cinco últimas convocatorias.



Intensidade da axuda

Axuda do **60%** de
cada investimento cun
importe máximo total
de **7.000 €**

O gasto debe estar realizado e efectivamente pagado entre o 1 de outubro de 2024 e a data de presentación da solicitude.

Investimentos subvencionables

- Compra de maquinaria
- Compra / instalación para a mellora da eficiencia enerxética
- Substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos
- Compra de utillaxe e ferramentas
- Reforma do local do negocio
- Equipamento informático, e equipamento de oficina e/ou negocio
- Rótulos
- Aplicacións informáticas, creación de webs, apps e redes sociais
- Deseño de marca



PROGRAMA III. BONO AUTÓNOMO



Presentación da solicitude e documentación complementaria

- A solicitude e documentación complementaria debe presentarse obrigatoriamente por medios telemáticos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.
- Facturas emitidas no período subvencionable (importe mínimo 100 € sen IVE) **xa pagadas**, que identifiquen as características e o custo do investimento, e xustificantes bancarios do pagamento.
- Documentación xustificativa do volume de facturación e base impositiva (IVE, IRPF, imposto sobre sociedades do ano 2023 ou declaración responsable para quen tribute por módulos, segundo o caso).
- Acreditación de que a persoa autónoma societaria é socia da entidade que solicita a subvención cunha declaración de que ningunha outra persoa autónoma societaria solicitou a axuda, de ser o caso.
- Certificado da mutualidade do colexio profesional indicando os períodos de alta, de ser o caso.
- No caso de persoas autónomas societarias, declaración responsable de que ningunha outra persoa traballadora autónoma societaria fixo unha solicitude da presente axuda pola mesma sociedade.
- Relación de investimentos realizados (segundo o Anexo I.3).
- Certificado de situación censual (modelo 036 ou 037) no caso das persoas autónomas que tributen no réxime especial de recargo de equivalencia, en atribución de rendas ou cuxa actividade estea exenta de tributación do IVE.
- No caso de reforma do local, presentarse unha fotografía do local antes da reforma e outra feita despois da reforma.



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Manter a alta no RETA ou mutualidade durante un mínimo de 24 meses de forma ininterrompida desde a data de solicitude da subvención, salvo cesamento por causas alleas á súa vontade.
- Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.
- Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración ou de control que realicen os órganos competentes, tanto autonómicos, como estatais ou comunitarios.
- Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención
- Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e non ter pendente ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Dispor dos libros contables, rexistros ou documentos auditados esixidos pola lexislación mercantil ou sectorial.
- Adoptar as medidas de difusión para dar publicidade ao financiamento público durante 12 meses, segundo o modelo de cartel dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Acceso á ficha da
sede electrónica



[Pulsa ou escanea]